

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 29 DE XULLO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

### **DECRETO**

#### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

- Decreto polo que se aproba con carácter definitivo o Plan de xestión de residuos municipais de Galicia 2023-2030.

### **ACORDOS**

#### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto da Lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.
- Acordo polo que se autoriza o exercicio das accións que procedan contra a falta de convocatoria da Conferencia de Presidentes por parte do Presidente do Goberno da Nación, incumprindo o disposto no artigo 4 do Regulamento da Conferencia de Presidentes, publicado pola Orde TER/257/2022, do 29 de marzo.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo para o proxecto de mellora da accesibilidade peonil no paseo de Silgar e rúa Madrid, por un importe total de seiscientos vinte e nove mil cincocentos euros con oitenta e nove céntimos (629.500,89 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan especial de protección civil ante emerxencias por accidentes no transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril en Galicia (Transgal).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a *Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright)* para a incorporación de auxiliares de conversa Fulbright para o curso 2024/25, e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto, por un importe total de catrocentos setenta e catro mil oitocentos oitenta e catro euros (474.984,00 €).

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Igualdade a establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados aos recollidos na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2024. Importe: seiscentos mil euros (600.000,00 €).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a superar o límite e eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da Resolución pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as bases reguladoras das axudas aos investimentos en equipamento en Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 en réxime de concorrencia non competitiva, por un importe total de tres millóns de euros (3.000.000,00 €).

### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se toma razón do pagamento do Fondo Ambiental incluído no Fondo de Cooperación Local para o ano 2024.
- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e se lle dá traslado do mesmo ao Parlamento de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o tramite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Conexión dun vial de concentración parcelaria coas estradas PO-531 e PO-301".
- Acordo polo que se autoriza a licitación das obras de construción dun edificio para 64 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos nas parcelas 5, 6 e 7 na praza de Cambedo de Raia, Ourense, cun presuposto de licitación de trece millóns cento setenta e catro mil cincocentos noventa e nove euros con noventa e sete céntimos (13.174.599,97 €), IVE incluído e un valor estimado de once millóns novecentos setenta e seis mil novecentos nove euros con seis céntimos (11.976.909,06 €).

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva da vacina fronte a meningococo B (Bexsero), por un importe total de licitación de dous millóns setecentos setenta e catro mil setecentos vinte euros (2.774.720,00 €) con IVE e un valor estimado de cinco millóns oitocentos sesenta e nove mil seiscentos euros (5.869.600,00 €) sen IVE.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e os Grupos de Desenvolvemento Rural, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local participativo na medida Leader de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027 por importe máximo de dezasete millóns seiscentos sesenta e seis mil cincocentos noventa euros (17.666.590,00 €).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o Plan benestar na escola 2024. Plan de obras de mellora do benestar e a accesibilidade en centros educativos.
- Informe sobre o convenio de cooperación entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a *Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright)* para a incorporación de auxiliares de conversa Fulbright para o curso 2024/25.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o proxecto piloto de aplicación da intelixencia artificial (IA) ao diagnóstico por imaxe no Programa galego de detección precoz de cancro de mama.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

- Informe Lemos + Plan de dinamización da lectura de Galicia.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre a revisión, simplificación, racionalización e actualización normativa en materia de pesca marítima profesional conducente á elaboración dunha disposición de carácter xeral con rango de Decreto que implique a regulación do exercicio da pesca marítima profesional e a ordenación da flota pesqueira en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre as mostraxes oceanográficas realizadas por Intecmar nas principais rías galegas para o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DÁ UN NOVO PULO Á ECONOMÍA CIRCULAR COA APROBACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS DE GALICIA CON VIXENCIA ATA 2030**

- O Consello dá luz verde ao acordo polo que se aproba a estratexia, que busca cumprir os obxectivos comunitarios cun investimento directo dos axentes implicados de algo máis de 90 M€, dos que cada euro mobilizará outros tres ou catro indirectos
- A planificación aspira a reducir un 15 % a xeración de residuos respecto a 2010, un 50% os residuos alimentarios por persoa na venda retalista e aos consumidores e un 20% as perdas de alimentos ao longo das cadeas de produción e subministración
- Desenvolverase un código de boas prácticas fronte ao desperdicio alimentario, un plan autonómico para minimizalo, unha estratexia para previr o lixo disperso no medio e fomentaranse espazos de reparación e venda de produtos de segunda man
- Tamén se habilitarán ferramentas como unha oficina de economía circular dos residuos municipais, unha estratexia para reducir o volume de elementos que van a vertedoiro e medidas para optimizar a Rede de infraestruturas de xestión de residuos
- Entre os obxectivos do plan están impulsar a xestión da fracción orgánica, avanzar na recollida separada de envases, a xestión de residuos especiais como biorresiduos, aceites ou produtos téxtiles ademais de incrementar a Rede de puntos limpos para dar cobertura ao 100 % da poboación galega

A Xunta de Galicia dá un paso máis na súa estratexia de aposta pola economía circular coa aprobación do novo Plan de xestión de residuos municipais de Galicia (PXRMG), con vixencia ata 2030 e que permitirá avanzar cara a transformación do modelo produtivo mediante un uso óptimo dos recursos e unha xestión o máis responsable posible.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo polo que se aproba o plan, polo que o documento elaborado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático sairá publicado proximamente no *Diario Oficial de Galicia* para a súa entrada en vigor.

Esta estratexia busca cumprir cos obxectivos comunitarios en materia de xestión de residuos involucrando á Administración autonómica, ás entidades locais e ao sector privado na adaptación aos cambios normativos, socioeconómicos e de estrutura produtiva rexistrados nos últimos anos.

Neste sentido, a planificación galega de xestión dos residuos dos concellos incorpora tanto os preceptos derivados da Estratexia galega da economía circular 2020-2030 como da Estratexia galega de cambio climático 2050 ao tempo que atende ao previsto na lei galega de ordenación do territorio e ás leis de residuos e solos contaminados galega (de 2021) e estatal (de 2022).

Galicia incide así no cumprimento da xerarquía que establece a normativa vixente en materia de valorización de residuos, na que o primeiro chanzo é a prevención, seguida da preparación para a reutilización, o reciclado, outro tipo de valorización-incluída a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

enerxética- e, por último, a eliminación. Para facelo, prevé un investimento directo de todos os axentes implicados de algo máis de 90 millóns de euros nunha estratexia na que cada euro destinado mobilizará entre tres ou catro de xeito indirecto.

O plan parte dunha análise da situación de orixe e dunha previsión co horizonte de 2030 simulando un escenario futuro para poder definir as liñas estratéxicas do novo plan. Iso tendo en conta que a UE fixa como obxectivo que o 55 % dos residuos se destinen en 2025 á preparación para a reutilización e a reciclaxe, aumentando progresivamente a porcentaxe de desperdicios con este destino.

Aínda que a competencia para a xestión destes residuos corresponde ás entidades locais, a elaboración da planificación a nivel autonómico compételle á Xunta, que asume a responsabilidade de coordinar as accións neste eido entre os distintos axentes implicados. Por iso, o Executivo galego considera vital optimizar a coordinación neste eido asesorando aos concellos para acadar o correcto desenvolvemento do PXRMG.

Para definir claramente os eidos de actuación, o plan estrutúrase en seis liñas estratéxicas centradas na prevención da xeración de residuos; a recollida separada; o fomento da economía circular e a loita contra o cambio climático; o apoio e asesoramento ás entidades locais; a comunicación e sensibilización ambiental; e o desenvolvemento e mellora da Rede de infraestruturas de xestión dos residuos.

### **Actuacións concretas**

En materia de prevención, a estratexia de xestión de residuos municipais aspira a acadar unha redución do 15 % na xeración de residuos respecto a 2010 coa implicación dos distintos axentes involucrados, como produtores, consumidores, axentes sociais e as propias administracións, creando sinerxías para obter os mellores resultados posibles.

Entre os obxectivos buscados tamén se inclúe unha redución do 13 % no peso dos residuos de envases producidos, papel e vidro e do 15 % en 2030. A maiores a proporción de envases reutilizables na canle doméstica respecto do total deberá ser do 5 % en 2030.

En canto ao desperdicio alimentario, o PXRMG busca baixar un 50 % os residuos alimentarios por persoa no plano da venda retalista e dos consumidores e unha redución do 20 % das perdas de alimentos ao longo das cadeas de produción e subministración para 2030 en relación con 2020. A maiores elaboraranse tanto un código de boas prácticas fronte ao desperdicio alimentario como un plan autonómico para minimizalo así como unha estratexia para previr o lixo disperso no medio e o fomento da creación de espazos de reparación e venda de produtos de segunda man.

No eido da recollida separada, a aspiración é confluír cos obxectivos europeos para avanzar na valorización dos residuos mediante actuacións como impulsar a xestión da fracción orgánica e vexetal, mellorar a recollida separada de residuos de envases, promover a recollida selectiva en todo o territorio galego de residuos especiais (como os biorresiduos, aceites ou téxtiles) e aumentando a Rede de puntos limpos de Galicia -

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fixos, móbiles e de proximidade- para dar cobertura ao 100 % da poboación galega - fronte ao 92 % actual- e fortalecer as boas prácticas no sector turístico, o lecer e o deporte en relación coa separación de residuos.

### **Economía circular**

O plan pretende fomentar tamén a economía circular e a loita contra o cambio climático a través de accións como a promoción da compra verde e a contratación pública ecolóxica, o impulso de proxectos para a reutilización de residuos domésticos, a implantación de sistemas de responsabilidade ampliada do produtor nos sectores téxtil e de voluminosos, a promoción de pactos verdes circulares dos grandes xeradores de residuos e do sector hostaleiro así como a elaboración dunha estratexia para baixar o índice de elementos que van a vertedoiro.

Na liña de apoio e asesoramento ás entidades locais inclúense actuacións como a creación dunha oficina de economía circular de residuos municipais, a mellora da monitorización de datos de xestión de residuos ou a creación dun grupo de traballo para o estudo e elaboración de modelos de ordenanzas municipais.

En canto á comunicación e sensibilización, o plan prevé distintas accións para coñecer os hábitos da cidadanía, promover actuacións de educación ambiental en colaboración con outras institucións, poñer á disposición dos concellos instrumentos de comunicación e educación ambiental, realizar programas de información e sensibilización autonómicos dirixidos á cidadanía e accións de participación dos colectivos ambientais e sociais.

A última liña de traballo, centrada no desenvolvemento e mellora da Rede de infraestruturas de xestión dos residuos municipais, promove a optimización do funcionamento da Rede de plantas de tratamento de residuos municipais de titularidade pública, o investimento privado en novas instalacións ou melloras das plantas de tratamento de residuos municipais, a ampliación da Rede de puntos limpos para chegar a toda a poboación e a optimización das plantas de transferencia.

### **Aposta galega pola sustentabilidade**

O novo PXRMG enmárcase na estratexia global do Goberno galego en materia de residuos, que persegue a implantación dun novo modelo máis sostible e acorde coa xerarquía de xestión marcada pola normativa sectorial vixente.

Ademais, tratándose dun sector en auge e que ofrece novas oportunidades desde o punto de vista da actividade empresarial e do emprego verde, prevese que a súa aprobación teña un impacto positivo sobre a economía galega, cun importante investimento tanto directo como indirecto, e a xeración de postos de traballo.

En definitiva, o Goberno galego segue avanzando para pechar o círculo da súa aposta pola sustentabilidade, dotando a Galicia dun marco normativo e estratéxico moderno e eficaz e potenciando unha xestión dos residuos baseada na prevención, a preparación para a reutilización e a reciclaxe, fundamentais para lograr un cambio de mentalidade cara a unha economía circular e unha transición enerxética xusta e ordenada.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ABRE A CONSULTA PÚBLICA O ANTEPROXECTO DE LEI DE SERVIZOS DOS MEDIOS PÚBLICOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DE GALICIA**

- Responde á profunda transformación do sector e converterá á CRTVG na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) para ofrecer un amplo abano de servizos
- Boa parte dos servizos ofertados non estarán suxeitos a limitacións territoriais, o que converterá a CSAG nun poderoso instrumento de difusión universal da cultura galega
- A nova lei reforzará a transparencia no proceso de elección do Consello de Administración e da Dirección Xeral, ao tempo que prevé mecanismos que eviten situacións de interinidade
- Contará cun Consello Asesor de Participación Social e Profesional con presenza de representantes da sociedade, incluídos os profesionais dos medios públicos

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, o anteproxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, que se someterá ao proceso de consulta pública para continuar a súa tramitación co obxectivo de que poida ser remitido ao Parlamento e iniciar a súa tramitación parlamentaria no derradeiro cuadrimestre do ano.

O novo texto responde á profunda transformación dixital que se está a producir nos medios de comunicación audiovisual que fai precisa unha constante innovación. A actual Corporación RTVG non só xestiona canles de radio e televisión, senón que se ten transformado nunha plataforma de servizos de comunicación que precisa dunha actualización normativa. Paralelamente, este anteproxecto de lei busca a adaptación da normativa autonómica a novo marco regulatorio estatal (a Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual) e europeo (Directiva de servizos de comunicación audiovisual e o Regulamento europeo sobre a liberdade dos medios de comunicación).

Co anteproxecto aprobado hoxe polo Consello da Xunta preténdese que os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia lideren a transición tecnolóxica, a defensa da identidade galega, enriquezan o pluralismo, a diversidade da sociedade e a alfabetización dixital de cara a un uso responsable dos servizos de comunicación.

A actual Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) pasará a denominarse Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG), un concepto acorde coa súa acelerada transformación dixital, para ofrecer servizos diversos: comunicación sonora por petición, televisión conectada ou calquera outro servizo de comunicación audiovisual que permitan os sistemas, redes e plataformas da internet.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Difusión universal da cultura galega**

Os servizos de comunicación audiovisual por ondas hertzianas terrestres que presten os medios públicos autonómicos terán como ámbito de cobertura o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Poderá ampliarse a áreas limítrofes logo do oportuno convenio.

Os restantes servizos de comunicación audiovisual dos medios públicos non estarán suxeitos a limitacións territoriais, o que os converte nun poderoso instrumento de difusión universal da cultura galega.

### **Produción propia e apoio ao sector audiovisual galego**

A norma que máis adiante se remitirá ao Parlamento para a súa tramitación establece o impulso da produción propia dos programas, contidos e servizos. Serán en lingua galega, sen prexuízo do uso doutras linguas cando así se xustifique para dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da Comunidade Autónoma.

Os medios públicos autonómicos, contribuirán ao desenvolvemento do sector audiovisual galego para mellorar a súa achega á economía galega. Para tal fin, difundirán obras audiovisuais independentes realizadas en Galicia.

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia ten a forma de sociedade anónima e o seu capital estará participado na súa totalidade e de forma directa pola Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Organización**

Os órganos de goberno e administración da Corporación serán o Consello de Administración e a Dirección Xeral.

A nova lei reforzará a transparencia no proceso de elección do Consello de Administración e da Dirección Xeral, ao tempo que prevé mecanismos que eviten situacións de interinidade.

A candidatura da Dirección Xeral será formulada pola comisión parlamentaria correspondente -ante a que deberá comparecer-, entre profesionais con recoñecido prestixio e experiencia no ámbito audiovisual e gobernanza corporativa. O seu mandato será de cinco anos renovables.

O procedemento de elección do director xeral iniciarase nos tres meses posteriores á entrada en vigor da Lei.

Un Consello Asesor de Participación Social e Profesional garantizará a presenza de representantes de practicamente todos os sectores da sociedade galega, incluídos os profesionais dos medios públicos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO AUTORIZA INICIAR ACCIÓNS LEGAIS POLO INCUMPRIMENTO DO REGULAMENTO DA CONFERENCIA DE PRESIDENTES POR PARTE DO GOBERNO CENTRAL**

O Consello da Xunta autorizou hoxe que o Executivo autonómico inicie accións legais contra o Goberno central por incumprimento do regulamento da Conferencia de Presidentes e non convocar un encontro malia a petición formal rexistrada polas comunidades autónomas hai meses.

Tal e como establece o artigo 4.2 desta regulamento, se dez comunidades autónomas solicitan formalmente a celebración deste encontro, o Goberno estatal ten obriga de convocar o cumio, condición que se cumpre.

Ante a falta de resposta por parte do Executivo central tras meses de espera, Galicia vai presentar un recurso para que o Goberno cumpra coa obriga legal de convocar unha reunión con todos os presidentes autonómicos para avaliar e debatir temas imprescindibles para as comunidades.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA COLABORA NA MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL DO PASEO DE SILGAR EN SANXENXO

- O Consello autoriza un convenio entre Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo por importe de 629.500 euros, dos que o Goberno autonómico sufraga preto do 40%
- As obras permiten reforzar a seguridade na parte da rúa de Madrid e a Avenida do Porto e tamén mellorar a eficiencia enerxética con novas luminarias no paseo

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo para o proxecto de mellora da accesibilidade peonil no paseo de Silgar. As actuacións teñen un importe total de preto de 630.000 euros, dos que o Goberno autonómico achegará 250.000€, o que supón que sufragará preto do 40% do orzamento.

Ao abeiro deste convenio realízanse unhas obras para a mellora da accesibilidade e seguridade peonil nun tramo de actuación que abarca o Paseo de Silgar, parte da Rúa de Madrid e a Avenida do Porto, coas que se pretende dar prioridade ao peón.

En concreto, o proxecto inclúe elevar a cota do vial e converter o espazo nunha plataforma única con prioridade peonil, onde interaccionen os vehículos e os viandantes nunhas maiores condicións de seguridade, diminuíndo tamén a velocidade vehicular e implementando un cambio na textura da calzada actual. A supresión do desnivel dará continuidade ao itinerario peonil, xerando un percorrido accesible para tódolos peóns, cadeiras de rodas e carros de bebés, eliminando as barreiras existentes ou mal resoltas de encontros con vaos ou interseccións a diferentes cotas de nivel.

A intervención suma unha área de actuación de 4.500 metros cadrados que recolle dende a Rúa Ourense, Rúa de Madrid ata a Rúa Cesteiros, e a Avenida do Porto. Ao mesmo tempo proxéctase unha zona de espaxamento no encontro entre a Rúa Luis Vidal Rocha en o Paseo de Silgar, cunha pérgola que aporte zonas de sombra e coa colocación de mobiliario urbano para fomentar a estancia das persoas nesta área en condicións de seguridade.

#### **Maior sostibilidade**

Ao colocar toda a rúa a un mesmo nivel é preciso mellorar as instalacións de saneamento de pluviais, achegando un maior número de embornais para a mellor recollida da auga das chuvias e asegurando que non se formen bolsas de auga que dificulten o paso aos transeúntes. Na Rúa Madrid mellórase a iluminación da rúa centrando todas as luminarias na marxe sur do vial e substituíndo os farois existentes. A actuación tamén inclúe reforzar a sostibilidade co cambio de 65 luminarias no Paseo de Silgar que mellorará a eficiencia enerxética e reducirá a contaminación luminosa no entorno.

A Xunta de Galicia leva a cabo esta colaboración no marco do seu compromiso por garantir unha actividade turística accesible e segura. Con esta actuación favorécese o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes tendo en conta que a vila de Sanxenxo foi declarada en 2020 como o primeiro territorio de preferente actuación

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

turística de Galicia, figura tipificada na Lei do Turismo de Galicia e que identifica a aqueles territorios que deben cumprir uns esixentes e específicos criterios e que, polas súas especiais características, demanda tamén unha actuación singular das administración públicas.

Grazas a recursos como as súas praias, portos deportivos, talasos e spas, campos de golf ou mesmo a súa pegada xacobeá coa Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla, Sanxenxo leva sendo desde fai anos un importante destino turístico galego. Neste contexto, o Paseo de Silgar discorre ao longo da praia, formando parte dun vial de carácter urbano dun só sentido vehicular e cunhas beirarrúas elevadas, nas que aparecen vaos e diferentes interseccións que dificultan a accesibilidade, sobre todo nas zonas máis estreitas, que se pretenden solucionar coas actuacións do citado convenio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA O PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN CIVIL ANTE EMERXENCIAS POR ACCIDENTES NO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

- O obxectivo é establecer a organización e os procedementos de actuación dos recursos e servizos para facerlles fronte ás emerxencias nun sinistro destas características
- O plan aborda información de contexto, análise de riscos, estrutura e organización, operatividade, e implantación e mantemento
- As principais novidades con respecto ao anterior son a actualización do fluxo de mercadorías perigosas, a adaptación á normativa básica de protección e os concellos con obriga ou recomendación de elaborar plan municipal para este risco

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan especial de protección civil ante emerxencias por accidentes no transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril en Galicia (Transgal), revisado en 2023 para a súa actualización e adaptación á nova normativa. O obxectivo é establecer a organización e os procedementos de actuación dos recursos e servizos dependentes da Xunta, así como doutras entidades públicas ou privadas, para facerlles fronte ás emerxencias que poidan darse nun sinistro destas características.

O plan estrutúrase en cinco partes. A primeira delas aborda os obxectivos, o ámbito territorial, o marco competencial e o carácter director do plan. A continuación, o documento céntrase na análise de riscos, coas principais vías de comunicación por estrada da Rede de itinerarios de mercadorías perigosas (RIMP), e na estrutura e organización, establecendo que lle corresponde á Xunta a dirección do Transgal.

No caso de emerxencias declaradas situación 2 ou 3, dirixirá o plan un comité de dirección formado por un representante da Administración do Estado e un representante da Xunta conforme a norma básica de protección civil. Para asistir á dirección do plan nos distintos aspectos relacionados co accidente, establecerase un comité asesor, un gabinete para a difusión da información e un posto de mando avanzado, desde o que se dirixirán e coordinarán as actuacións dos grupos operativos: intervención, apoio loxístico e de seguridade, apoio técnico e sanitario.

Outro dos bloques trata a operatividade, cos procedementos preestablecidos de actuación en función da gravidade e do ámbito territorial afectado. Finalmente, a parte de implantación e mantemento recolle o conxunto de accións que se deben desenvolver para que o plan sexa plenamente operativo e coñecido por todos os recursos que deben intervir na emerxencia.

#### **Principais novidades**

As principais novidades con respecto ao documento vixente ata o de agora, que databa de 2013, son a actualización do fluxo de mercadorías perigosas, xa que mudaron a Rede de itinerarios e de gasodutos, a adaptación á nova norma básica de protección, e o

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

número de concellos que teñen a obriga de elaborar e redactar o plan municipal para este risco. Segundo o novo plan serían 40. Deste total, 27 teñen obriga de implantalo por ter algún tramo da rede viaria ou ferroviaria con risco alto e usos residenciais nunha banda de 500 metros da vía (16 na provincia da Coruña, 10 na de Lugo e un na de Pontevedra). Outros 13 teñen a recomendación de implantación por ter algún tramo da rede viaria ou ferroviaria con risco medio e usos residenciais nunha banda de 500 metros da vía (catro na Coruña, cinco en Ourense e catro en Pontevedra).

A aprobación do documento polo Consello da Xunta prodúcese despois de que obtivese o informe favorable do Pleno da Comisión Galega de Protección Civil e da Comisión Permanente do Consello Nacional de Protección Civil. Previamente, o plan foi remitido á Federación Galega de Municipios e Provincias para facerllo chegar aos concellos na busca do máximo consenso na súa elaboración

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA SERÁ A COMUNIDADE CON MAIOR NÚMERO DE AUXILIARES DE CONVERSA FULBRIGHT O VINDEIRO CURSO**

- Trátase de 40 auxiliares estadounidenses de alto perfil académico, que se incorporarán ás aulas galegas para impulsar a aprendizaxe da lingua inglesa
- En total, o ensino galego contará con 665 auxiliares de conversa, a maior cifra acadada nunca
- Multiplícase por 100 o número de auxiliares que había en 2009

Galicia é a comunidade autónoma que concentrará o vindeiro curso o maior número de auxiliares de conversa Fulbright, con 40 persoas das 184 de alta especialización repartidas por toda España, o que eleva a 665 o número total de auxiliares que colaborarán nas aulas galegas a partir de setembro.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos (Comisión Fulbright) para dotar o Sistema educativo galego de 40 auxiliares de conversa estadounidenses de alto perfil académico. O importe do convenio ascende a 544.320 €, dos que a Xunta de Galicia financia o 87 % mentres que o 13 % restante apórtaos a Comisión Fulbright.

A través deste acordo, así como dos que se establecen co Ministerio no marco do Acordo de Cooperación Territorial, co Instituto Confucio ou co Instituto Camões, o Sistema educativo galego contará o vindeiro curso cun total de 665 auxiliares de conversa, unha cifra récord que multiplica por 100 os 67 que había en 2009.

A contratación de auxiliares de conversa é unha das múltiples accións que desenvolve a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a través da Estratexia galega de linguas estranxeiras, EDULingüe2030, para facilitar a aprendizaxe de idiomas. Grazas a estas iniciativas, o alumnado galego sitúase hoxe como o segundo con mellor nivel de toda España, segundo o informe de avaliación de EF, referencia nesta materia.

Así pois, desde setembro, un total de 511 centros educativos se beneficiarán do apoio dun auxiliar de conversa nativo e o 75 % dos centros educativos sostidos con fondos públicos na nosa comunidade desenvolverán algún programa de plurilingüismo nas etapas de infantil, primaria, ESO ou bacharelato.

#### **Aprendizaxe lingüística e cultural**

As persoas auxiliares achegan a realidade cultural e lingüística dos seus países de orixe, aportan a compoñente de multiculturalidade aos centros e levan a cabo un importante servizo complementario para o apoio ao ensino-aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais dos centros plurilingües, outros moitos optan con reforzo dunha persoa auxiliar por contar con seccións bilingües, na que un grupo de alumnos cursa unha área, materia ou módulo de materias non lingüísticas de maneira bilingüe.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O GOBERNO GALEGO APOIA CON 600.000 EUROS A CONTRATACIÓN DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO POR PARTE DAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO**

- O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria desta liña de axudas para este ano, coa que se pode chegar a contratar a preto de 30 mulleres
- O importe da axuda oscila entre un mínimo de 1.800 euros e un máximo de 2.700 por contrato, en función do grupo profesional

A Xunta de Galicia destina 600.000 euros a apoiar a entidades e cooperativas sen ánimo de lucro para promover a inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero. O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria desta orde de axudas, que previsiblemente se abrirá o vindeiro mes de agosto e que está cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027.

Cada contrato varía en función do grupo profesional, cunhas contías que oscilan entre un mínimo de 1.863,08 euros e un máximo de 2.701,47 euros. Con esta iniciativa, o Executivo autonómico a incorporación no mercado laboral de preto de 30 mulleres.

Esta convocatoria de axudas realízase desde o ano 2021 e desde entón 50 entidades sen ánimo de lucro acolléronse a este programa e contratáronse un total de 86 vítimas de violencia de xénero.

Este liña de achegas forma parte do conxunto de actuacións que a Xunta mantén desde hai anos para garantir un apoio completo ás vítimas, tales como as prestacións periódicas mensuais ou o Programa de atención psicolóxica integral. O Executivo autonómico destina este ano á loita contra a violencia de xénero 24 millóns de euros, un 15 % máis que no 2023.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 3 M€ A INVESTIMENTOS EN EQUIPAMENTO EMPRESARIAL QUE PROMOVAN A INNOVACIÓN E A MELLORA COMPETITIVA DAS EMPRESAS GALEGAS**

- O programa busca impulsar a modernización tecnolóxica e a capacidade competitiva do tecido empresarial galego
- Os apoios cobren os custos dos proxectos de adquisición de bens de equipamento e programas de implantación de solucións tecnolóxicas desde o 1 de xaneiro ata o 10 de decembro deste ano
- As axudas, en concorrencia non competitiva, ascenden ao 40 % dos custos ata un máximo de 300.000 euros, e o prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 10 de outubro
- Os interesados disporán dun anticipo do 100 % da axuda para que poidan iniciar e completar os proxectos do xeito máis rápido e eficiente

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a próxima posta en marcha da convocatoria do Programa de investimento en equipamento empresarial, que suma 3 M€ na procura de promover iniciativas que melloren a innovación e a competitividade das empresas galegas.

O obxectivo é potenciar o mantemento e a creación de emprego, a innovación e o impulso de novos proxectos empresariais a través de apoios que facilitan a adquisición de equipamento para as empresas.

Neste marco, entre as principais novidades destaca o feito de que poden optar a esta liña empresas de todas as actividades económicas, agás as excluídas pola regulamentación comunitaria. Así mesmo, e para reforzar os investimentos inmediatos sen prexudicar a liquidez e a solvencia das empresas, contéplase un anticipo do 100% da axuda, estando tamén prevista a exención de garantías.

Os apoios, en concorrencia non competitiva, ascenden ao 40 % dos custos ata un máximo de 300.000 euros. O obxectivo é facilitar a modernización tecnolóxica e a capacidade competitiva das empresas galegas reducindo parcialmente os seus custos de investimento recentes neste mesmo exercicio 2024.

Neste sentido, admitiranse gastos e investimentos executados desde o 1 de xaneiro de 2024 e ata o vindeiro 10 de decembro, e o prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 10 de outubro.

Os conceptos de investimento subvencionable inclúen tanto a compra de maquinaria ou bens de equipamento como os programas de implantación de solucións tecnolóxicas (software e hardware). Deste xeito, a Xunta pretende dar resposta coordinada ás necesidades financeiras das empresas, facilitando a mellora da súa competitividade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Balance do Galicia Investe**

Esta liña enmárcase no contexto dos programas de apoio e incentivos ao investimento empresarial, como é o caso do Galicia Investe, que o Goberno galego promove desde o ano 2018 e que ten permitido apoiar 442 proxectos cun importe total de axuda de preto de 38 M€, o que supuxo unha mobilización de investimentos por importe de máis de 148 millóns de euros

Uns datos que reflicten o compromiso da Xunta de Galicia co tecido empresarial para facilitarlle o acceso ás axudas económicas que precisa para realizar os seus investimentos e potenciar así a xeración de emprego, a innovación e a creación e posta en marcha de proxectos empresariais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 12,1 M€ PARA QUE OS CONCELLOS GALEGOS FOMENTEN A PREVENCIÓN, REUTILIZACIÓN E RECICLAXE DE RESIDUOS**

A Xunta de Galicia destinará 12,1 millóns de euros para que os concellos galegos fomenten a prevención, reutilización e reciclaxe de residuos e poidan compensar o imposto estatal sobre os depósitos de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos (Idires) avanzando, deste xeito, na economía circular.

Segundo o acordo aprobado hoxe no Consello -e tal e como se lle expuxo á Fegamp-, este fondo ambiental está incluído no Fondo de cooperación local e repartirase entre todos os municipios, en función da súa poboación. O seu pagamento efectuarase o vindeiro 30 de xullo.

Galicia, a diferenza doutras comunidades, non contaba con esta carga impositiva ata a creación do Idires por parte do Estado, xa que dentro da directiva europea sobre residuos, o establecemento do imposto era unha das posibles medidas recollidas para fomentar a reutilización e a reciclaxe dos residuos. Porén, non era obrigatoria a súa implantación nin era a única opción para acadar os obxectivos perseguidos.

Se ben o Idires é un tributo de carácter indirecto e a súa recadación está cedida ás comunidades autónomas, estas non teñen competencia para establecer bonificación ou exencións ao seu pagamento, nin rebaixar os tipos de gravame.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA QUE GALICIA GARANTE UN ANO MÁIS DE ESTABILIDADE COA APROBACIÓN DUN TEITO DE GASTO PARA 2025 DE 13.954 M€, O MÁIS ALTO DA HISTORIA DA COMUNIDADE**

- Salienta que é un límite de gasto “ambicioso, pero razoable” que permite avanzar no camiño para aprobar “en tempo en forma” os orzamentos de 2025
- O Goberno galego esgotará ao máximo a súa capacidade de gasto seguindo a taxa de referencia autorizada polo Goberno central, un 3,2 %
- O límite de gasto calculouse coas novas regras fiscais fixadas pola Unión Europea
- Corgos destacada que isto permitirá “reforzar os servizos públicos, axudar ás familias e ás empresas, impulsar políticas de vivenda e favorecer investimentos que apoiem o crecemento económico”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Goberno autonómico garante un ano máis de estabilidade coa aprobación hoxe, no Consello do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma para o exercicio 2025, que ascende a 13.954 millóns de euros, o máis alto da historia de Galicia e “un 2,5% máis que no actual exercicio”. “É un teito de gasto ambicioso, pero razoable”, indicou.

Deste xeito, tal e como salientou o presidente, Galicia avanza un ano máis no camiño cara aprobar os orzamentos “en tempo e forma”. “Xa fomos a primeira comunidade en aprobalos o ano pasado”, indicou tras lembrar que isto é un sinal da “seriedade e estabilidade” que ofrece o Goberno autonómico.

Tal e como aprobou hoxe o Consello, a Xunta esgotará ao máximo a súa capacidade de gasto seguindo a taxa de referencia autorizada polo Goberno central, dun 3,2 %, sen ter en conta os fondos Next Generation.

Deste xeito, segundo lembrou o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, cumpre co establecido na lei galega de disciplina orzamentaria de 2011 e aproba o teito de gasto non financeiro, que agora será remitido ao Parlamento para o seu debate e posterior autorización. Este límite establece o máximo gasto que se pode acadar no proxecto de Lei de orzamentos xerais de Galicia, que se fai dentro do novo marco fiscal aprobado pola UE no 30 de abril de 2024.

Os Orzamentos 2025, que de novo se aprobarán en tempo e forma, permitirán “reforzar e modernizar os servizos públicos, axudar ás familias e ás empresas, impulsar as políticas de vivenda e favorecer investimentos que apoiem o crecemento económico. Todo iso sen recorrer ao endebedamento”, indicou Corgos.

#### **Cadro macroeconómico**

Ademais da aprobación do teito de gasto, Rueda explicou que a Xunta actualiza “con prudencia” o seu cadro macroeconómico para este exercicio e mellora tanto a estimación de crecemento do PIB como a taxa de paro para este 2024.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ao crecemento da economía galega, o Goberno autonómico prevé un avance de dúas décimas sobre o inicialmente estimado, ao pasar do 1,9% fixado nos orzamentos en vigor, ao 2,1%. En canto á taxa de paro, cómpre salientar que a Xunta xa conseguiu reducila do 10% por primeira vez desde hai 15 anos e, para este 2024, prevé que a media do ano se sitúe ata o 9,2%, dúas décimas menos do provisto inicialmente.

Para o ano 2025 seguirase a consolidar esa senda económica, encadeando así cinco anos de crecemento sostible, cun avance do PIB do 1,8% e unha taxa de desemprego que seguirá baixando, ata o 9,1%.

Unhas cifra que, segundo resaltou Corgos, van permitir "cinco anos de crecemento sostido en Galicia" e dar "a estabilidade" necesaria para "dar resposta aos retos da comunidade".

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO DE CONEXIÓN DUN VIARIO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA COAS ESTRADAS PO-531 E PO-301, EN VILANOVA DE AROUSA, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 625.000 €**

- O obxectivo é darlle funcionalidade a esa vía como alternativa á estrada da deputación Baión-András, mellorando a seguridade e a mobilidade dos veciños
- O Executivo autonómico tamén deu hoxe o visto e prace ao expediente de información pública e ao informe das administracións afectadas para a súa execución
- Uniranse as vías autonómicas PO-301, PO-300 e PO-531, que son vertebradoras do territorio do Salnés, partindo da intersección da PO-300 coa PO-301 en Ponte Arnelas, e tendo como punto final a PO-531 no quilómetro 17+180
- A Xunta de Galicia realizará a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitará a execución das obras no primeiro trimestre de 2025
- O Goberno galego segue a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda, segura e sustentable

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado de conexión dun viario de concentración parcelaria, situado no concello de Vilanova de Arousa, coas estradas autonómicas PO-531 e PO-301, que suporá un orzamento superior aos 625.000 euros.

O Goberno galego tamén autorizou o expediente correspondente aos trámites de información pública e o informe das administracións afectadas pola execución desta intervención, coa que se persegue darlle funcionalidade a ese viario, como alternativa á estrada provincial EP-9701, Baión-András, a través da execución duns entronques coas estradas autonómicas PO-301 e a PO-531.

Trátase de unir as estradas autonómicas PO-301, PO-300 e PO-531, que son vertebradoras do territorio do Salnés, con tráfico importantes nos treitos obxecto desta actuación. Co proxecto que se aproba, a intervención, partirá da intersección da PO-300 coa PO-301 en Ponte Arnelas e terá como punto final a estrada PO-531 no seu punto quilométrico 17+180.

O obxectivo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras no primeiro trimestre de 2025. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

#### **Mellora da seguridade viaria**

Nos últimos anos, no marco de actuacións levadas a cabo pola Consellería do Medio Rural, configurouse ese viario que pode ter a mesma funcionalidade que a vía provincial EP-9701, xa que presenta un trazado máis recto e evita o paso polos núcleos urbanos. Deste xeito, o proxecto aprobado hoxe polo Executivo autonómico procura a mellora da seguridade viaria, tanto dos vehículos como das persoas que viven a carón da vía

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

provincial, que verá diminuído o seu tráfico, ao aproveitarse todo o potencial dese novo viario.

Para a configuración das interseccións, no caso da estrada PO-531, o proxecto deseñado pola Axencia Galega de Infraestruturas, propón a conexión mediante un cambio de sentido con carril central de espera, á altura do quilómetro 17+180 da vía autonómica. A semiglorieta terá 5 metros de radio exterior con carril central de espera de 3 metros de ancho, e o carril será de 4 metros de ancho.

A vía de conexión entre as interseccións e o viario de concentración parcelaria terá dous carrís de 3 metros de ancho e na estrada PO-301 terá ademais beirarrúas de 2 metros de ancho.

No referente á conexión coa PO-301 e a PO-300, o novo eixe conectarase á glorieta existente no cruce das estradas PO-301 e PO-300 coa estrada provincial EP-9511. A glorieta modificarase, pasando dunha morfoloxía circular actual a unha oval. Terá 21 metros de eixe maior e 14 de eixe menor. Disporá de 2 carrís de 4 metros de ancho con 2 beiravías, goral interior adoquinado de 1,40 metros de ancho e illa central con céspede natural.

Na intervención, ademais, prevese a construción de muros de contención para reducir a ocupación do terraplén no caso da PO-531 e para evitar a afección ao río existente na contorna da PO-301.

Tamén se prevé a prolongación de obra de drenaxe ao paso do río baixo a glorieta de Ponte Arnelas e a reposición das beirarrúas que resulten afectadas polas obras.

Ademais, adecuarase a sinalización, tanto horizontal como vertical, á nova configuración da vía. Así mesmo, nas zonas nas que exista desnivel na marxe, tanto na conexión da estrada PO-531 como na PO-301, disporanse sistemas de contención na marxe do novo viario.

Tras a análise das achegas recibidas, adecuarase a sinalización horizontal dos pasos de peóns nas estradas da Deputación provincial de Pontevedra afectadas pola actuación; e a sinalización vertical da glorieta de conexión coa estrada provincial EP-9511, de acordo cos criterios definidos desde a entidade provincial.

Ademais, corríxiranse no proxecto de construción as dimensións da franxa de acceso a determinadas parcelas, de ser necesario; e revisaranse os bens afectados, e en caso de que se omitise algún engadiranse no proxecto de construción.

A Xunta de Galicia segue a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda, segura e sustentable.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ámbito da actuación aprobada hoxe polo Goberno galego:

### PLANO DE SITUACIÓN



CONEXIÓN COA PO-301



CONEXIÓN COA PO-531

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONTRATACIÓN DA CONSTRUCCIÓN DE 64 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NA PRAZA DE CAMBEDO DE RAIÁ, EN OURENSE, CUN INVESTIMENTO DE 13,17 M€**

- O Executivo autonómico autoriza a licitación dunha edificación de nova planta de 64 novas vivendas, con 81 prazas de garaxe e 64 rochos, a desenvolver nunha agrupación de parcelas mercadas pola Xunta á Sareb, por un importe de máis de 1 M€
- O conxunto da nova edificación estará formada por catro bloques illados, e cada un constará dun portal e un núcleo de comunicacións verticais, que darán acceso a un total de 16 vivendas por bloque, 4 por planta
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas as obras, co obxectivo de telas rematadas no 2026
- O Goberno galego tamén está a traballar en vivendas financiadas exclusivamente con fondos da comunidade autónoma, así como na adquisición de vivendas de promoción pública aos seus propietarios actuais e na compra de vivendas da Sareb
- Esta nova promoción inclúese no compromiso da Xunta de acadar as 8.000 vivendas públicas na presente lexislatura, construíndo novas vivendas nos sete grandes concellos e as súas áreas de influencia

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á contratación das obras de construción de 64 vivendas de promoción pública na praza de Cambedo de Raia, no concello de Ourense, ás que se destinará un investimento de 13,17 millóns de euros.

Trátase de impulsar a construción dunha edificación de nova planta para dedicala a 64 vivendas de promoción pública, con 81 prazas de garaxe (3 delas accesibles) e 64 rochos, a desenvolver sobre unha parcela de algo máis de 3.000 m<sup>2</sup> resultado da agrupación das parcelas 5, 6 e 7 da unidade de execución denominada polígono 1 do Sector Urbano SU-48 do PXOM. Estas parcelas foron previamente mercadas pola Xunta, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo á Sareb, por un importe de máis de 1 M€.

O proxecto obxecto da licitación da obra autorizada hoxe ten como finalidade a construción de 64 vivendas. Así, o conxunto da edificación estará formado por 4 bloques illados, que disporán de planta baixa e 3 plantas de piso para uso de vivenda, con aproveitamento baixo cuberta para rochos e instalacións. Baixo rasante prevese una planta soto común aos 4 bloques, destinada a garaxe e instalacións.

Cada un dos bloques contará cun total de 16 vivendas, 4 por planta. Os bloques 1, 3 e 4 serán iguais entre si. O bloque 2 varía na planta baixa, para dar cabida a un local comunitario. Resultarán así 64 vivendas e cada unha delas contará cun rocho.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En total, disporase de 17 vivendas de 2 dormitorios (das cales 3 están adaptadas para persoas con mobilidade reducida), 39 de 3 dormitorios e 8 vivendas de 4 dormitorios. As vivendas de 4 dormitorios contarán cunha superficie útil media de 99 m<sup>2</sup>, as de 3 dormitorios terán unha superficie útil media de 85,45 m<sup>2</sup> e as de 2 dormitorios terán unha superficie útil media de 71 m<sup>2</sup>.

A superficie construída total acadará os 10.646 m<sup>2</sup>, e a superficie libre da parcela, de 1.204 m<sup>2</sup>, non ocupada polas edificacións, destinarase a xardíns e espazos libres de uso comunitario.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico a contratación das obras, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas a súa execución, co obxectivo de telas rematadas no 2026.

A Xunta de Galicia financia as obras nun 75,19 % con fondos propios, correspondendo un 24,81 % a fondos da Unión Europea (Plan de recuperación, transformación e resiliencia).

Este novo proxecto cumpre o Real decreto 853/2021, de 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. En concreto teñen en conta as prescricións sobre eficiencia enerxética, consumo de enerxía non renovable, circularidade e xestión de residuos, que se reflicten no dito decreto.

Ademais dos proxectos cofinanciados con fondos MRR, o Goberno galego está a traballar en vivendas financiadas exclusivamente con fondos da Comunidade Autónoma, así como na adquisición de vivendas de promoción pública aos seus propietarios actuais e na compra de vivendas da Sareb.

Esta nova promoción inclúese no compromiso da Xunta de acadar as 8.000 vivendas públicas na presente lexislatura, construíndo novas vivendas nos sete grandes concellos e as súas áreas de influencia.

Infografía da edificación obxecto do contrato autorizado hoxe no Consello da Xunta:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 2,7 MILLÓNS DE EUROS Á PROTECCIÓN DA POBOACIÓN GALEGA FRONTE AO MENINGOCOCO B**

- Este investimento permitirá comprar en 2024 e 2025 un total de 46.000 doses da vacina para inmunizar as nenas e nenos de 2, 4 e 12 meses e a poboación de risco
- A vacinación fronte ao meningococo do serogrupo B introduciuse de xeito sistemático no calendario galego de inmunización en novembro de 2022, xa que previamente só estaba financiada para determinados grupos de risco
- O Programa galego de vacinación constitúe unha das liñas de traballo prioritarias na historia da Saúde Pública galega, dispoñendo Galicia do calendario de vacinación máis completo do mundo

A Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación e subministración sucesiva da vacina fronte ao meningococo B (Bexsero) no marco do Programa galego de vacinación xestionado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

O Executivo galego investirá 2.774.720 euros na protección da poboación galega fronte a unha bacteria que pode causar graves infeccións, como é o caso das septicemias ou da meninxite.

Durante o presente ano e no vindeiro 2025 a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade prevé a compra de 46.000 doses para inmunizar ás persoas que conforman a poboación galega susceptible de recibir esta vacina: nenos e nenas aos 2, 4 e 12 meses de idade, e poboación con condicións de risco.

A vacinación fronte ao meningococo do serogrupo B introduciuse de xeito sistemático no calendario galego en novembro de 2022 xa que previamente só estaba financiada para determinados grupos de risco (asplenia anatómica ou funcional, deficiencias do sistema de complemento, tratamentos con eculizumab, transplante de proxenitores hematopoyéticos, antecedentes de enfermidade meningocócica invasora e persoal de laboratorio exposto a meningococos).

O expediente autorizado esta mañá polo Executivo galego estenderase até o ano 2025, podendo ser prorrogado durante un período de 12 meses máis, co que acadaría neste caso un valor estimado de 5.869.600 euros.

Galicia conta na actualidade co calendario de inmunización máis completo do mundo. O Programa galego de vacinación constitúe unha das liñas de traballo de maior historia entre as actividades de saúde pública, contando cun amplo consenso respecto á súa efectividade e eficiencia.

A xestión eficaz deste programa supón, necesariamente, a subministración de maneira permanente das diversas vacinas que se encontran incluídas no calendario de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vacinación e outros produtos inmunolóxicos dirixidos aos adultos ou nenos baixo circunstancias especiais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AFIANZA A SÚA COLABORACIÓN COS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL CUN ORZAMENTO DE 17,6 M€ ATA 2027 PARA O SEU FUNCIONAMENTO**

- Este montante permitirá darlle a necesaria cobertura financeira aos GDR para que poidan dispoñer dos medios humanos e materiais necesarios para desempeñar as súas funcións de dinamización territorial, así como desenvolver diversas accións de animación no seu territorio
- Grazas a este tipo de achegas poderán impulsarse medidas relacionadas con sectores como o agroalimentario, o gandeiro, o forestal, o turístico, o ambiental ou o do pequeno comercio
- Cabe sinalar que esta medida prevé 39,3 millóns de euros adicionais destinados ás operacións para terceiros e que se executará a través de diferentes liñas de axudas en réxime de concorrencia competitiva; poden optar a elas concellos, entidades privadas sen ánimo de lucro e empresas
- Cómpre lembrar que anteriormente o programa Leader estaba incluído na medida 19 do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, mediante o cal se aprobaron un total 1.495 proxectos, e que permitiu consolidar 3.256 empregos, crear outros 933 novos postos e mobilizar algo máis de 169 millóns de euros, cunha axuda pública de 77,5 millóns de euros

A Consellería do Medio Rural destinará 17,6 millóns de euros para os gastos de funcionamento dos grupos de desenvolvemento rural (GDR) para o desenvolvemento local participativo da medida Leader no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027. Así o indica o proxecto de acordo elevado hoxe ante o Consello da Xunta e que autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e os GDR.

Estes 17,6 millóns de euros, cofinanciados con fondos Feader e coa Administración Xeral do Estado, permitirán darlle a necesaria cobertura financeira aos GDR para que, na súa condición de entidades colaboradoras da Administración na aplicación da medida Leader, poidan dispoñer dos medios humanos e materiais necesarios para desempeñar as súas funcións de dinamización territorial, así como desenvolver diversas accións de animación no seu territorio. Este orzamento prevé tamén os proxectos de cooperación e formación da poboación activa do rural.

Grazas a este tipo de orzamentos os grupos poderán impulsar medidas relacionadas con sectores como o agroalimentario, o gandeiro, o forestal, o turístico, o ambiental ou o do pequeno comercio. Cómpre salientar que estas asociacións coñecen de primeira man o territorio e funcionan cunha dinámica de traballo participativa, de abaixo a arriba, de xeito que se garanta a participación activa dos principais axentes locais nestas políticas.

Cabe sinalar que a medida Leader prevé 39,3 millóns de euros adicionais destinados ás operacións para terceiros. Este montante se executará, a través de diferentes liñas de achegas en réxime de concorrencia competitiva. Poderán optar a elas concellos,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

entidades privadas sen ánimo de lucro e empresas. A contía total ascende a 56,9 millóns de euros que se distribuíran no horizonte temporal 2023-2027.

Cómpre lembrar que anteriormente o programa Leader estaba incluído na medida 19 do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, mediante o cal se aprobaron un total 1.495 proxectos, e que permitiu consolidar 3.256 empregos, crear outros 933 novos postos e mobilizar algo máis de 169 millóns de euros, cunha axuda pública de 77,5 millóns de euros para operacións a terceiros.

As estratexias que se desenvolverán no marco deste convenio foron escollidas mediante un sistema de puntuación tendo en conta diferentes criterios de selección e avaliación nos que se tiveron en conta cuestións como a innovación e a viabilidade do proxecto. As organizacións que se configuran como entidades colaboradoras son os 24 GDR que xa foran seleccionadas no período 2014-2020.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA QUE A XUNTA DESTINA A CONTÍA MÁIS ELEVADA DOS ÚLTIMOS CINCO ANOS PARA IMPULSAR NO VERÁN UN TOTAL DE 535 PEQUENAS OBRAS EN 389 CENTROS EDUCATIVOS**

- Salienta que se realizará un investimento de 12,5 millóns de euros para actuacións como melloras en cubertas, aseos, ventás ou instalacións de ascensores, no marco do novo Plan de benestar e accesibilidade na escola
- Apunta que ademais este ano se están acometendo 139 obras de maior envergadura como ampliacións, rehabilitacións integrais e obras de eficiencia enerxética, que concentran 71,3 M€ de investimento
- Isto supón actuar no 50 % dos centros públicos desde infantil ata FP

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que a Administración autonómica está a impulsar este verán un total de 535 pequenas obras de mellora en 389 centros educativos, cun investimento de preto de 12,5 M€, o que supón “o maior investimento nos últimos cinco anos” neste eido.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP deu conta ante o Consello da Xunta da planificación dos traballos que se estar a levar a cabo a través do novo Plan de benestar e accesibilidade na escola, Ben\_Estar 2024, que, tal e como lembrou Rueda, abranguen “pequenas actuacións todas elas moi necesarias” como melloras en cubertas, aseos, ventás ou instalación de ascensores.

Todas estas obras están enfocadas a acadar un maior confort e sustentabilidade nas aulas, tal e como marca o Plan de nova arquitectura pedagóxica de Galicia, a folla de ruta en materia de mellora de infraestruturas educativas aprobada en 2021 cun investimento inicial de 191 M€ que foi ampliado ata os 243 M€ actuais. Tal e como sinalou o máximo responsable do Goberno galego, o obxectivo deste plan é “mellorar os centros escolares e convertelos en centros modernos, accesibles, e sustentables”.

Neste sentido, na provincia da Coruña lévanse a cabo 222 pequenas intervencións en 151 centros por un importe de preto de 4,3 M€, 105 actuacións en 78 centros da provincia de Lugo por 2 M€, 118 en 73 centros de Ourense por 2,8 M€ e 90 actuacións en 87 da provincia de Pontevedra que aglutinan preto de 3,4 M€.

#### **Grandes actuacións durante todo o ano**

Paralelamente, tal e como recordou o presidente da Xunta, de cara á renovación e mantemento dos centros de ensino públicos galegos para o curso 2024/25, a Administración autonómica está a realizar un total 139 obras de grande envergadura como ampliacións, rehabilitacións integrais e melloras de eficiencia enerxética que se atopan en distintas fases (xa en execución ou ben en fase de licitación ou de adjudicación), cun importe que acada os 71,3 M€ de investimento. Trátase de obra planificadas para todo o ano 2024, dado que o seu prazo de execución é de varios anos,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pero que tamén van recibir un maior impulso durante a época estival, coincidindo co período non lectivo.

O conxunto das intervencións -entre grandes actuacións e pequenas obras de verán- chegan ao 50 % dos centros públicos que funcionan en Galicia entre escolas infantís, colexios, institutos e centros de FP. Por provincias, actúase en 210 centros da Coruña por un importe de 33,34 M€, en 100 centros de Lugo que suman 7,8 M€ de investimento, 86 de Ourense por un importe de case 8,3 M€ e 131 da provincia de Pontevedra por máis de 34,3 M€.

No que atinxe ás 139 grandes actuacións, son as que concentran a meirande parte do orzamento, cun investimento de 71,3 M€ en 138 centros educativos. Delas, 74 están xa en execución mentres que 42 están xa adxudicadas e pendentes de comezar e 23 en fase de licitación. Por provincias, 59 acométense na da Coruña (máis de 29 M€), 22 en Lugo (5,8 M€), 14 en Ourense (5,4 M€) e 44 en Pontevedra (preto de 31 M€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA PORÁ EN MARCHA UN PROXECTO PILOTO DE APLICACIÓN DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL AO DIAGNÓSTICO PRECOZ DO CANCRO DE MAMA**

- Salienta que o obxectivo é “reducir ata un terzo” as lesións malignas que poden pasar desapercibidas nunha lectura convencional de mamografías e permitir avaliar máis probas en menos tempo
- A iniciativa, que se levará a cabo en todas as unidades de Análise Radiolóxica durante catro meses, suporá un investimento de 35.000 euros
- Realizaranse un mínimo de 35.000 estudos de mamografía empregando un software baseado en intelixencia artificial para a lectura en 3D que axudará aos radiólogo na análise das probas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, avanzou hoxe que o Servizo Galego de Saúde vai poñer en marcha este mes de xullo “un proxecto piloto para mellorar o diagnóstico do cancro de mama a través da intelixencia artificial”.

O obxectivo, tal e como resaltou, é “mellorar a detección de lesións malignas en fases temperás” e poder examinar un maior número de probas “en menor tempo”. En concreto, sinalou que a previsión “é reducir ata un terzo” as lesións que poden pasar desapercibidas nunha lectura convencional das mamografías. Para iso, os radiólogo contará cun software de intelixencia artificial que lles permitirá facer unha lectura máis precisa das probas analizadas.

Nesta liña cómpre resaltar que estudos recentes demostran melloras en sensibilidade e especificidade dos radiólogos ao usar sistemas de intelixencia artificial sen incrementar o tempo de lectura. En consecuencia, unha maior detección precoz mellorará o prognóstico e reducirá a mortalidade, ademais de redundar nun menor gasto sanitario.

O proxecto piloto, que conta cun orzamento da Xunta de 35.000 euros e cunha duración de catro meses, levarase a cabo en todas as unidades de Análise Radiolóxica, comezando pola Unidade Radiolóxica 3 da Coruña, por ser “a que máis radiografías de mama realiza”, segundo explicou o presidente.

No marco desta iniciativa realizaranse un mínimo de 35.000 estudos de mamografía empregando un software baseado en intelixencia artificial para apoiar aos radiólogos na lectura das mamografías 3D.

Deste xeito, neses catro meses que durará o proxecto piloto, un certo número de estudos radiolóxicos de usuarias do Programa galego de detección precoz de cancro de mama serán avaliados con intelixencia artificial, conxuntamente coa dobre lectura radiolóxica independente. Os resultados serán contrastados cos obtidos para un período similar dalgún ano previo recente no que só se fixo a dobre lectura. “No caso de ser satisfactoria”, indicou

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda, o obxectivo da Xunta é estender o “uso desta ferramenta” nas unidades de radioloxía de todo o Sergas.

Con esta medida, a Xunta quere conseguir varios obxectivos de mellora no Programa galego de detección precoz do cancro de mama. En primeiro lugar, téntase incrementar a precisión na detección de lesións malignas nas mamografías e apoiar aos radiólogos mediante a automatización da análise das mamografías, permitindo un diagnóstico máis rápido e preciso, e reducindo a carga de traballo destes profesionais. Ademais, incrementarase a garantía de equidade no diagnóstico en calquera punto da xeografía galega.

Este proxecto reforza o compromiso da Consellería de Sanidade coa innovación e a mellora continúa dos servizos sanitarios e supón un paso crucial cara á incorporación de tecnoloxías avanzadas no ámbito da saúde en Galicia. A súa realización resulta imprescindible antes de decidir a incorporación definitiva da intelixencia artificial ao diagnóstico radiolóxico.

### **Fitos destacados do programa**

O Programa galego de detección precoz de cancro de mama iniciouse en 1992 coa finalidade de reducir a mortalidade por esta patoloxía mediante a detección temperá da enfermidade. Ao longo dos anos, o programa acadou varios fitos significativos. Así, no 2006 logrouse a cobertura universal, asegurando que todas as mulleres galegas, comprendidas no rango de idade, tivesen acceso a mamografías bienais.

En 2013, ampliouse o rango de idade de cribado, permitindo que mulleres de 50 a 69 anos participasen no programa. Isto aumentou considerablemente a poboación obxectivo e mellorou a detección temperá nun grupo máis amplo.

No 2014 comezáronse a utilizar mamografías dixitais en lugar das analóxicas, mellorando a precisión e eficiencia do cribado. No ano 2018 un informe destacou unha redución significativa na mortalidade por cancro de mama en Galicia, atribuída ao éxito do programa e ao tratamento axeitado dos casos detectados.

No 2020 introducíronse programas de seguimento personalizado para mulleres con alto risco de cancro de mama, ofrecendo seguimento máis frecuente e exames adicionais cando fora necesario.

No 2023 ampliouse o rango de idade da poboación diana para participar no programa ata os 74 anos de idade.

Xunto ao anterior, tamén se puxeron en marcha numerosas campañas para fomentar a participación e educar a poboación sobre a importancia da detección precoz.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PON EN MARCHA UN PLAN CON MÁIS DE 100 MEDIDAS PARA INCREMENTAR OS ÍNDICES DE LECTURA

- O Consello deu o visto e praxe ao informe que recolle os eixos e as liñas estratéxicas a seguir nos vindeiros anos para fomentar o hábito lector en Galicia
- As accións definidas no documento 'Lemos+' teñen que ver co ámbito das bibliotecas, a implicación social, o eido educativo, o sector do libro e a participación
- Algunhas das propostas céntranse en campañas divulgativas, deseño de plans locais de lectura, elaboración de guías, creación de audiolibros en galego ou en favorecer a diversidade de contidos e formatos
- Co horizonte posto no 2030 desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude búscase que o 60 % da poboación opte por ler libros no seu tempo libre polo menos unha vez á semana

O Goberno galego pon en marcha un plan que recolle os eixos e as liñas estratéxicas, con máis de cen medidas, a seguir nos vindeiros anos co propósito de mellorar os índices de lectura na Comunidade. O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao informe onde se presenta o marco de traballo definido no Plan de dinamización da lectura de Galicia *Lemos +*. Unha folla de ruta, a primeira destas características que se desenvolve desde a Administración autonómica, que centra as súas accións no ámbito social e educativo, nas bibliotecas, no sector do libro e nos instrumentos de participación e investigación.

A iniciativa responde ao compromiso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coa lectura, como parte importante no eido cultural no senso de actuar como forma de acceso ao coñecemento e ferramenta básica para a socialización. Así, o documento leva tomando forma desde o 2018, cando se iniciaron os contactos para crear a *Estratexia da cultura galega 2021* e se presentou unha primeira proposta para elaborar un plan deste tipo. É resultado, polo tanto, de anos de análise de datos, realización de estudos e recepción de aportacións de distintas organizacións e entidades que se sumaron á diagnose da situación.

Deste xeito, o obxectivo principal que se busca coas actuacións definidas é o incremento dos hábitos lectores fomentando esta práctica, especialmente en lingua galega, e atendendo á diversidade social e cultural do territorio. Unha finalidade que ten no horizonte de 2030 conseguir que o 70 % da poboación lea libros por ocio no seu tempo libre polo menos unha vez ao trimestre. Tamén se fixa chegar a un 60 % de persoas que realicen esta acción como mínimo unha vez á semana. Outra das metas é que un 70 % da sociedade lea libros en galego de maneira habitual ou ocasional.

A mellora destes índices tratará de acadarse mediante distintas accións encamiñadas á promoción, comunicación e dinamización. Ademais, a través desta planificación preténdese garantir a igualdade de acceso ao libro con feitos que favorezan a diversidade de contidos e formatos, que apoien o desenvolvemento de ferramentas para

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mellorar a utilización da información especializada e o establecemento de plans de lectura no ámbito local.

### **A dinamización social e o papel das bibliotecas**

O plan *Lemos +* fixa 24 liñas estratéxicas que engloban máis de cen accións estruturadas ao redor de cinco grandes bloques. Así, en canto á dinamización social da lectura un dos obxectivos é impulsar esta práctica como instrumento inclusivo e de supresión de barreiras, así como crear alianzas como unha rede de entidades locais. Neste senso propónse promover unha campaña divulgativa periódica para poñer en valor as razóns para ler, fomentar actividades en ludotecas, espazos de conciliación e centros sociais, potenciar o Club de lectura de Galicia ou realizar accións para favorecer outras formas de ler (creación de libros e revistas dixitais en galego), ademais de apoiar a adaptación de libros noutras linguaxes como pictogramas ou braille.

No que respecta a reforzar o papel das bibliotecas como centros de dinamización cultural e lectora, o documento inclúe medidas como son potenciar a difusión de actividades nestes equipamentos, actualizar o programa *Ler conta moito* atendendo aos novos públicos, incrementar os fondos galegos en formato físico e dixital, facilitar encontros con creadores ou elaborar guías de lectura. Tamén prevé a creación de espazos accesibles e inclusivos e continuar mellorando o servizo de *A Furgoteca*, a biblioteca móbil de Galicia, ou a plataforma dixital *GaliciaLe*.

### **A educación, o sector do libro e os instrumentos de participación**

No eido da educación recóllense actuacións relacionadas coas escolas infantís ou a mocidade universitaria, entre outras formacións. Apóstase así pola existencia de libros en galego axeitados para nenos e nenas de 0 a 3 anos nos centros para estas idades e a organización de propostas coas familias que impliquen lecturas compartidas, ademais de guías propias destinadas a este público. Impulsar a visibilidade e dinamización do libro galego nas bibliotecas universitarias ou potenciar unha programación ao redor da lectura nos centros de ensinanzas especiais e de capacitación profesional son outros dos eixos principais.

No que ten que ver co propio sector do libro, a estratexia encamiñase en consolidar a industria galega e implicar a todos os seus axentes (creadores, editoras, librarías, distribuidoras) no fomento do hábito lector. Algunhas das liñas definidas refírense a incrementar o número de traducións de obras doutras linguas ao galego ou dar a coñecer os premios literarios de Galicia, ademais de convocar bolsas de creación para proxectos ou impulsar programas de residencias literarias e artísticas. Por outra banda, tamén pretende apoiar a presenza de editoras nas feiras profesionais e mercados internacionais e promover combinacións de literatura con música ou audiovisual.

Os instrumentos de participación, análise, investigación e innovación do ecosistema do libro en Galicia conforman outro dos puntos principais da folla de ruta do Goberno autonómico. Así, cobrará protagonismo o Consello Asesor do Libro e tamén se creará o Observatorio Galego da Lectura como ferramenta de apoio ás políticas públicas. Estudar os novos comportamentos en canto á lectura ou promover proxectos de investigación en colaboración con universidades ou outras institucións do ámbito da lingua e a cultura tamén figuran entre os puntos a destacar.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Hábitos lectores da poboación galega**

En 2022 a lectura era o terceiro hábito cultural máis frecuente en Galicia, ocupando o 63,9% da poboación, por detrás de escoitar música (88,8 %) e ver televisión (88,9 %). Outro dos datos que se manexan na diagnose previa á elaboración deste plan é a porcentaxe total de persoas lectoras entre a poboación de 14 ou máis anos, que se sitúa no 96,9% e alude ás persoas que len algún tipo de material, en calquera formato ou soporte, polo menos unha vez ao trimestre.

No que se refire á lectura de libros, se atendemos unicamente a razóns de ocio, o 62,9% dos galegos le libros no seu tempo libre (é dicir, sen contar razóns de estudo ou traballo) polo menos unha vez ao trimestre e un 52,4% un mínimo dunha vez á semana. En canto á lingua, o 61,2% dos lectores maiores de 14 anos len en galego ben sexa de maneira habitual ou ocasionalmente.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ACTUALIZARÁ A NORMATIVA PARA UNHA MELLOR E MÁIS ACAÍDA REGULACIÓN DO EXERCICIO DA PESCA MARÍTIMA PROFESIONAL E DA ORDENACIÓN DA FLOTA

- Esta decisión xorde da necesidade de obter unha nova disposición de carácter integrador que conduza a un mellor desenvolvemento da Lei de pesca autonómica
- Persegue unha mellor conservación, xestión e explotación responsable e sostible dos recursos mariños; a determinación da artes para o exercicio da actividade; e as cuestións básicas para a organización dos plans que a regulen

O Consello da Xunta deu conta do informe da Consellería do Mar sobre a revisión, racionalización e actualización normativa en materia de pesca marítima profesional para a elaboración dunha disposición de carácter xeral con rango de Decreto que implique a regulación do exercicio da pesca marítima profesional e a ordenación da flota pesqueira en augas de competencia da Comunidade Autónoma.

O informe realiza un estudo previo para xustificar a necesidade dunha ampla revisión conducente a simplificar, racionalizar e actualizar a normativa en materia de pesca coa finalidade de establecer as bases para a elaboración dunha nova disposición de carácter xeral con natureza integradora e sistematizadora na regulación da pesca galega, á vez que cumpra cos principios e criterios de boa regulación que reinan na actualidade na nosa lexislación autonómica: simplificación, racionalización, proporcionalidade, necesidade, seguridade xurídica, transparencia, eficacia e eficiencia.

A normativa vixente require dunha actualización como consecuencia do novo marco legal comunitario e nacional en materia de pesca, debéndose abordar unha profunda reforma de toda a normativa para obter unha visión integradora que conduza a un mellor desenvolvemento da Lei de pesca de Galicia.

Deste xeito, os fins que se pretende acadar son os seguintes: simplificar e racionalizar nunha soa disposición normativa de carácter xeral con rango de decreto o conxunto de normas existentes en materia de pesca marítima profesional, que alcanza a un total de 6 decretos e 9 ordes; evitar as rixideces e atrancos producidos polas normas encargadas da xestión da actividade pesqueira, cerando un marco regulador eficaz e eficiente para os operadores ao redor da pesca galega; achegar respostas reguladoras adecuadas ás demandas e necesidades do sector; favorecer o crecemento ordenado e sostible respecto da renovación e modernización das estruturas produtivas; impulsar á flota pesqueira artesanal mediante a adopción de medidas que permitan a evolución deste subsector tan importante para as poboacións costeiras; ordenar a actividade e a regulación pesqueira galega considerando a lexislación comunitaria e nacional.

#### **Medidas concretas**

Delimitado o contexto regulador, en relación á conservación e xestión dos recursos



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pesqueiros, a nova norma persegue a regulación de medidas dirixidas á conservación, xestión e explotación responsable, racional e sostible dos recursos mariños vivos; a adopción de medidas tendentes a promover o exercicio dunha actividade pesqueira respectuosa co medio ambiente e a protección dos recursos pesqueiros; o fomento de melloras no acceso e explotación dos recursos mariños vivos; a determinación das artes, aparellos e utensilios permitidos para o exercicio da pesca; a adopción de Plans de xestión que regulen medidas técnicas, horarios e réxime de calamento das artes de pesca ou de recuperación de carácter plurianual, para as especies fora dos límites biolóxicos de seguridade, fixando medidas, prazos e obxectivos para garantir a recuperación das poboacións; a regulación directa do esforzo de pesca adecuando a capacidade de pesca ou o tempo de actividade; ademais do establecemento de vedas temporais ou zonais para determinadas especies, así como dos fondos autorizados.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA PON EN VALOR A REDE DE MOSTRAXES OCEANOGRÁFICAS DE INTECMAR, QUE REALIZA 80.000 ANÁLISES ANUAIS PARA GARANTIR A CALIDADE DOS PRODUTOS DO MAR DE GALICIA**

- Este Instituto emite 7.000 informes e resolucións por ano sobre a seguridade alimentaria e a seguridade animal; o que permite a comercialización dos moluscos coas garantías hixiénico-sanitarias recomendadas
- Os datos dan conta da dinámica das rías, contribuíndo a detectar proliferacións de microalgas tóxicas
- Co fin de dar continuidade a este traballo, que dá cobertura a 43 estacións, situadas nas Rías Baixas e no golfo Ártabro, está formalizada unha orde de execución para os próximos 24 meses por valor de 489.000 euros
- Esta rede, que existe desde 1992, conta con máis de 50.000 perfís, superando amplamente os 30 anos e é unha das series oceanográficas máis longas do mundo

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) constitúe o instrumento oficial da Comunidade Autónoma para garantir a seguridade alimentaria, mediante o control da calidade do medio mariño e a aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar, nomeadamente do Regulamento (UE) 2017/625 relativo aos controis e outras actividades oficiais realizadas para garantir aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios.

O Instituto realiza 80.000 análises anuais para garantir a calidade dos produtos do mar de Galicia. Así o recolle o informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, no que se pon en valor a Rede de control nas estacións oceanográficas levada a cabo por Intecmar desde 1992.

A Rede de estacións oceanográficas componse de 43 estacións nas Rías Baixas e no golfo Ártabro, que cobren as principais zonas de produción de moluscos e nas que semanalmente se recollen datos de variable oceanográficas con perfiladores CTD e mostras de auga de mar para determinacións de variables bioquímicas; composición pigmentaria e identificación e recuento de especies fitoplanctónicas.

En materia de seguridade alimentaria, este instituto emite unha media de 7.000 informes e resolucións por ano; o que permite a comercialización dos moluscos coas garantías hixiénico-sanitarias recomendadas.

Co fin de dar continuidade a este traballo, que dá cobertura a 43 estacións, situadas nas Rías Baixas e no golfo Ártabro, está formalizada unha orde de execución para os próximos 24 meses por valor de 489.000 euros. Trátase de seguir obtendo perfís verticais desde a superficie ata o fondo de temperatura, salinidade, osíxeno, fluorescencia, pH, transmitancia e irradiancia así como da toma de mostras nas diferentes estación e a diferente profundidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A alta periodicidade de mostraxe, o elevado número de estacións, a súa continuidade no tempo e o elevado número de variables controladas permiten ter un coñecemento exhaustivo das condicións oceanográficas e do fitoplancto nas augas da Comunidade Autónoma de Galicia, facilitando o entendemento da dinámica das rías, e avaliando o intercambio coas zonas estuáricas, fluviais de transición ou plataforma adxacente.

O resultado dos recontos do fitoplancto das especies potencialmente tóxicas e/ou nocivas permite afondar no coñecemento contribuíndo a detectar proliferacións de microalgas tóxicas e evitar os riscos para o consumidor derivados dos episodios coñecidos como "mareas vermellas", repercutindo de xeito directo na saúde dos consumidores.

O informe revela que o coñecemento e seguimento das poboacións fitoplanctónicas e das variables oceanográficas das augas costeiras de Galicia nas zonas de produción de moluscos é de singular relevancia para asegurar a calidade das augas; a predición, a medio e longo prazo, da aparición e evolución dos episodios tóxicos e o seu comportamento, así como para o establecemento dunha base de datos ambiental das augas costeiras de Galicia.

Así os recontos de fitoplancto, dos que se fan ao redor dos 7.000 cada ano, e as determinacións dos pigmentos fotosintéticos, unhas 10.000 anuais, consígnase nun informe semanal. O control das variables bioxeoquímicas supón máis de 40.000 determinacións anuais.

O informe dá conta tamén da importancia da rede e do interese mostrado nos datos que semanalmente se obteñen no desenvolvemento da mesma para a comunidade científica, as administracións e o sector produtivo.

### **Referencia internacional**

O Intecmar é un centro punteiro e referente en Europa nos seus ámbitos de actividade, sendo especialmente recoñecido en materia de control de toxinas mariñas. Isto fai que o seus técnicos participen tamén como expertos en distintas misións da Comisión Europea e reciba solicitudes de especialistas que elixen este Instituto para facer estadias formativas.

O seu labor no eido da seguridade alimentaria complementábase coas actuacións levadas a cabo polos servizos veterinarios oficiais de saúde pública e polo Servizo de Gardacostas de Galicia. Forma parte da Rede integrada de laboratorios de interese en saúde pública galega, no marco do acordo de colaboración asinado entre as Consellerías de Sanidade e do Mar e tamén colabora de xeito regular con Augas de Galicia na mellora da clasificación das zonas de produción de moluscos.

A Rede de estacións oceanográficas do Intecmar forma parte do Observatorio Costeiro da Xunta de Galicia que despois de 15 anos de construción converteuse nunha peza fundamental para: subministrar datos e predicións de calidade; proporcionar

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

información necesaria para a xestión das emerxencias e apoiar a xestión dos recursos mariños fomentando o interese e a colaboración con grupos de investigación ligados á observación do océano, á seguridade marítima e á loita contra a contaminación mariña accidental.